

Fran Alonso: máis ca un escritor... un creador

Carlos Loureiro Rodríguez

4 de marzo de 2015

<https://www.noticieirogalego.com/fran-alonso-mais-ca-un-escritor-un-creador/>

Fran Alonso (Vigo, 1963) deuse a coñecer na nosa literatura ao gañar o “Premio Blanco Amor” de novela do ano 1991 coa obra *Tráiler*. A partir de aí a súa pluma foi tocando diferentes xéneros literarios como a poesía (*Subversións / Transición...*), literatura infanto-xuvenil (*O meu gato é un poeta / A punta de pistola...*), sen esquecermos a tradución ou outras novelas como *Cemiterio de elefantes / Ninguén...*

Amigo Fran: dende sempre a túa traxectoria literaria vai da man de Edicións Xerais de Galicia, sen falarmos do teu traballo... Que supuxo e supón esta editorial para ti, para a túa obra e para a nosa literatura?

Efectivamente, o meu primeiro libro, *Tráiler*, publiquéino en Xerais en 1991, cando eu estaba a traballar no “*Diario 16 de Galicia*” e, desde entón, a editorial converteuse primeiro na espiña dorsal na que comecei a publicar a miña obra literaria, logo na espiña dorsal do meu labor profesional e, sen dúbida ningunha, na espiña dorsal da modernización da industria cultural galega.

Que supón para un escritor presentar unha novela a un certame tan importante coma o “Blanco Amor” e gañar? E claro, sendo aínda ben novo...

Era novo, pois tiña 28 anos. O primeiro premio que un escritor ou escritora recibe (igual que o primeiro libro que publica, obviando que son dimensións diferentes) supoñen sobre todo, e por enriba de cuestións económicas ou divulgativas, unha inxección de autoconfianza. E iso é algo que podo dicir como autor pero tamén é algo que veño observando desde hai anos como editor. Os creadores e creadoras precisamos pasar esa reválida que pode ser un premio, un recoñecemento ou simplemente a publicación do primeiro libro para certificar que existe algún interese polo que facemos. Da creación, que é un acto íntimo, só temos constancia se existe socialmente (cantos grandes xenios habería ao longo da historia dos que nada sabemos?). Desde o punto de vista da emotividade, o que se sente logo de gañar un primeiro premio ou publicar un primeiro libro non se volve repetir nunca máis co mesmo nivel de intensidade.

E falando de *Tráiler*... unha obra difícil de escribir, con varios narradores, con personaxes do máis variado, co choque entre o tradicional e a modernidade que se achega especialmente dende o mundo da comunicación...

Certo, *Tráiler* foi unha novela tecnicamente complexa porque eu pretendía que os lectores/as circulasen por autoestrada, é dicir, que a técnica lles proporcionase seguridade e non se notase a velocidade. Ademais foi publicada nun tempo controvertido, no que os escenarios, os temas e o enfoque comunicacional que abordaba tiñan detractores, aínda que tamén entusiastas defensores. O choque entre o tradicional e a modernidade é algo que me acompañará sempre porque é unha das claves para entender un tempo tan cambiante (e para moitos, deconcertante) coma o noso e os seus habitantes. Ademais, o ser humano é, por esencia, contradictorio. Ademais, un mundo no que a estabilidade predomina produce outro tipo de literatura, con lóxica.

Vamos, que unha perfecta novela para un perfecto guión de cinema... Nunca houbo intentos de levala á pantalla?

Pois si, houbo un único intento, pero moi significativo. *Cemiterio de elefantes* tivo varios, curiosamente, aínda que a min me parece un libro máis complexo para a pantalla grande. Aos poucos días de gañar eu o “Premio Blanco Amor”, chamoume Antón Reixa á redacción do xornal onde eu traballaba para dicirme que quería mercar os dereitos para levar *Tráiler* ao cine. Eu quedei sorprendidísimo. Naquel momento, Reixa marchaba a Madrid e solicítoume encarecidamente que non lle vendese os dereitos a ninguén ata que el volvea. A min aquilo pareceume ciencia-ficción, porque estaba seguro de que ninguén máis me ía ofrecer algo así, como non sucedeu. Finalmente, a produtora de Reixa quebrou e o proxecto foise co vento.

Tamén temos que salientar que nesta obra, igual ca noutras posteriores (*A punta de pistola*...) o mundo da familia, a desestruturación familiar está moi presente... Que pretendes amosar ao lector con ese transfondo social?

A desestruturación familiar é un síntoma do noso tempo e un dos temas sociais máis interesantes para abordar nunha novela, especialmente se é unha novela negra como *A punta de pistola*. Unha sociedade na que existe desestruturación familiar existe fracaso escolar e existe desapego social. A desestruturación familiar procede da marxinación, da falta de oportunidades, do fracaso da educación, da desigualdade económica e da desigualdade de xénero, que hoxe é máis grave que a primeira, pero tamén de dous factores moi relevantes que se teñen pouco en conta: en primeiro lugar, do consumismo, que anula a conciencia cívica, elimina a responsabilidade colectiva e forma consumidores en vez de persoas (e nesa cadea os fillos/as son parte do proceso consumista); en segundo lugar dun concepto da familia que perviviu durante séculos e apenas se modernizou nin se adaptou aos tempos, que está caduco.

Nas túas novelas o real e o ficticio soen ir moi da man... Será que esta nosa sociedade camiña ben máis cara ao ficticio afastándose da realidade?

En boa medida, realidade e fantasía son indisolubles. Na vida real a ficción é necesaria para soñar, para crear, para comunicar, para desenvolverse, para innovar, para vivir. E iso sucede desde os tempos das cavernas.

Os límites entre realidade e ficción, ao abeiro das novas tecnoloxías, é o tema que abordei en *Ninguén*, incluída a cuestión pola que preguntas, a de se a nosa sociedade camiña cara ao ficticio afastándose da realidade. Nós, ata o de agora, entrabamos desde o mundo real ao plano da

ficción a través da creatividade e do soño. Agora, coas novas plataformas lúdicas e de comunicación, a ficción entra nas nosas vidas, moitas veces sen pedir permiso, e instálase nelas, facéndose difícil distinguir entre o que é real e o que non o é. Os *hoax*, por exemplo, responden a esa nova realidade, e eu mesmo tiven que avisar a varias persoas que me enviaban mensaxes por Facebook de que as mensaxes que estaban a difundir, en nome da solidariedade, era en realidade, ficción. E se a miña filla, por exemplo, se lesiona esquiando sen saír da casa, como pode suceder, eu teño que levala ao médico, iso non quere dicir que nevase onde vivo senón que os videoxogos (a wii, neste caso), fan que a ficción lle provoque unha lesión real. E iso, literariamente, é moi atractivo.

Por outra banda, os novos xeitos de control do pensamento e do comportamento e as simulacións a través das novas tecnoloxías, os perfís persoais e o avatar sitúannos nun plano próximo á ficción, onde a imaxe e a proxección dunha realidade fabricada ten tanta importancia que acaba sendo asumida como certa. Camiñamos, para ben ou para mal, cara a esa confusión. Camiñamos cara un tempo distinto, a sociedade dixital.

Claro que visto o anterior, a herdanza do mestre Cunqueiro sempre estará nesta dicotomía, ou non?

O xenial Cunqueiro ten pouco que ver con esta circunstancia, tan contemporánea, e moito que ver coa ficción tradicional, ligada á fantasía, ao mito, ás tradicións da oralidade na lareira, que están espalladas por toda a cultura europea. A substancia pode ser a mesma pero a forma cambiou moito.

***Cemiterio de elefantes...* un título moi significativo. Será que de noite todos os “elefantes son pardos”? Por que o mundo da noite? Será que nese mundo se mesturan todas as realidades positivas e negativas das persoas en franca convivencia?**

É un título metafórico. A noite como un gran imán inevitable do que un non pode desprenderse, a noite como o devalar da vida cara as poutas da escuridade, da que non se sae se non é convertido en espectro. É un título que dá conta do desgaste que supón a noite para quen a vive, invertindo o ciclo natural da vida. A noite é espléndida, máxica, e eu sempre fun un noctámbulo vocacional, sígoo sendo, malia todo; pero a noite ten un poder de desgaste brutal; é capaz de erosionar as persoas que a habitan sen que se decaten. *Cemiterio de elefantes* está formado por historias da noite inspiradas polos anos en que eu traballei como camareiro nun pub (un traballo que nunca me gustou) e a noite era unha parte inmensa da miña vida. Aprendín moito sobre a vida, na noite. En todo caso, *Cemiterio de elefantes*, igual que *Cartas de amor*, é un dos libros que escribín que teñen un significado especial para min.

***Silencio...* xornalismo, urbanismo, miserias humanas, o lado escuro da vida cotiá... Toda unha novela do suspense, enigmática... pero que se mergulla na realidade cotiá... Aquí xa non cómpre ficción, ou non?**

Eu creo que si, aquí a ficción ten unha presenza moi poderosa e precisamente é a ficción a encargada de crear un clima de intriga, de suspense e de medo que é o que atrae a quen le. Eu creo que máis que miserias humanas habería que falar de “miserias urbanas”, xa que son ese tipo de cousas que suceden nos ámbitos urbanos e que ninguén as imaxina pero que conviven canda nós sen que nos decatem. Por que? Porque habitamos unha sociedade individualista onde se perdeu o coñecemento e a experiencia do próximo, do achegado e onde o social ten unha consideración tan global que non ten por que incluír aos nosos propios veciños. E iso, ás veces, produce sorpresas como as desta novela.

E seguindo con obras túas... podería ser *Males de cabeza* a segunda parte da anterior, a consecuencia da trama argallada na obra anterior? A fin de contas non deixa de narrar a consecuencia do mundo presente en *Silencio*...

En certa medida, si, sen dúbida, pero *Males de cabeza* é un libro que, para pescudar na sociedade actual, pescuda primeiro nas persoas. *Males de cabeza*, que tamén é outro deses libros de significado especial, naceu de observar como o progreso –que por definición é positivo, sen dúbida– nos crea problemas de comprensión, de mirada, de entendemento, de identidade, en definitiva, que conducen ao máis definitorio da sociedade de hoxe desde o punto de vista da sanidade: os problemas psicolóxicos. E non me refiro a grandes desaxustes senón a esas pequenas cousas que todos padecemos en maior ou menos medida na nosa vida diaria.

E claro, ollando a túa última obra narrativa publicada, *Ninguén*, volta ao xogo realidade-ficción, pero digamos que máis centrada na nosa realidade cotiá, a realidade do século XXI, ou non?

Efectivamente, como xa dixen antes, *Ninguén* responde ao intento de descifrar en que medida a nosa realidade se modifica á luz das novas tecnoloxías e en que medida a comunicación e a relación social hoxe está mediatizada por elementos que antes non existían, ben sexan as indiscretas paredes dun piso, ben sexa a pantalla dun ordenador. O edificio, o ascensor e a comunidade de veciños, en *Ninguén*, son metáforas sociais.

E entramos na túa abundante literatura infanto-xuvenil. O que primeiro nos chama a atención é o teu interese en empregar este tipo de narrativa para achegar aos lectores máis novos á propia literatura galega (María Mariño, Novoneyra, a propia poesía...). Se xa é difícil escribir para estas idades, moito máis ter a sensibilidade e intuición para megullalos na propia literatura, non cres?

As biografías de María Mariño e Uxío Novoneyra foron algo máis circunstancial na miña obra, das que aprendín moito. Meterte na pel doutra persoa real, distinta, é unha aprendizaxe de humildade. A poesía infantil interésame moito e cada vez máis. *O meu gato é un poeta* trata de explicala, en boa media, e de forma lúdica. Eu mesmo trato de explicar a poesía no meu espectáculo de animación poética *A poesía é un globo*. Para min é un reto asumir un certo enfoque divulgativo. Creo que o que a cultura galega máis precisa nestes momentos é, precisamente, capacidade de divulgación. Pero escribir para esas idades –sen esquecer a especificidade do destinatario– non é máis difícil que escribir para adultos. É unha cuestión de sensibilidade, simplemente. Ademais, as fronteiras son difusas: *O brillo dos elefantes* está publicado nunha colección infantil e *Cartas de amor* está publicado nunha colección xuvenil, pero ambos os dous libros poderían estar publicados nunha colección de adultos. Quen define hoxe o que é e o que non é a literatura infantil é o destinatario.

Tampouco cómpre esquecermos os importantes complementos á literatura para lectoras e lectores nos seus primeiros anos como son as ilustracións e incluso a música, non?

Non. Precisamente por iso, e porque eu me sinto un creador (que é un palabra coa que case me identifico máis que con “escritor”), en *O meu gato é un poeta* pedínlle a Xurxo Souto que elaborase a música para facer un disco e por iso tamén decidín que eu mesmo podía (da man das facultades que me ofrecen as novas tecnoloxías) ilustrar dous libros meus sen ser ilustrador: *O meu gato é un poeta* e *Cidades*. Pero tamén por iso abordei o a novela, o relato, xornalismo, a biografía, a crónica, a poesía, o álbum ilustrado, a animación lectora, o espectáculo poético, a entrevista, a literatura infantil, a literatura xuvenil, etc. E, agora, a literatura electrónica. Cada paso adiante é un reto. E a creatividade ten sentido cando a convertes nun reto.

***O meu gato é un poeta* é unha obra fundamental para mergullar aos cativos na poesía... Ti que traballas nunha editorial que ten un gran espazo reservado para estas idades, non se botan ben de menos obras deste tipo na nosa literatura, xa sexa para poesía, narrativa ou teatro?**

O que si boto de menos, e moito, é o humor. A nosa literatura, por cuestións ideolóxicas e de supervivencia, procede dunha tradición seria, grave, dunha tradición na que o humor era un luxo superfluo. Hai que acabar con iso. A vida, sen humor, non ten sentido. A revista *Criaturas*, por certo, vaille dedicar a este tema o próximo número.

E tamén vemos a Fran Alonso inmiscido na lírica, pero unha lírica que nuns comezos non é quen de se distanciar da propia narrativa, e falamos de obras como *Persianas, pedramol e outros nervios* ou tamén *Tortillas para obreiros*...

A narrativa e a poesía empregan claves distintas. Eu son un como narrador e son outro como poeta. Iso non quere dicir que algúns dos meus poemarios, como *Tortillas para os obreiros*, sexan deliberadamente narrativos, que o son. E mesmo hai un, *Balada solitaria*, no que a narratividade constrúese como un reto ao lector, coa intención de confundir.

O que si hai en todos os meus poemarios, e iso dálles certa aparencia narrativa, é moita unidade. E iso é porque non os improviso, porque senón que elaboro un proxecto previo para cada un deles. En *Persianas, pedramol e outros nervios*, que xurdiu no seu día como reacción contra a estética dos 80 e parece moi narrativo, hai á vez un anti-lirismo conceptual e léxico, pero con todo, mantense o lirismo nos ritmos.

E chegamos a *Subversións*... Digamos que unha poesía de compromiso, de denuncia... Galicia vista coma unha lesma, bicho lento, viscoso, pegañento...

Eu de *Subversións* –que é outro deses libros que aprezo moito– diría que é máis un poemario de reflexión que de denuncia ou de compromiso. A denuncia está implícita, claro, porque a provoca a reflexión. O adn de *Subversións* está feito de ideoloxía crítica e tamén autocrítica. De feito, o poema “Galicia” ao que aludes é un poema contraditorio, de amor e de odio, longuísimos, de moitas páxinas e versos tamén longos a través dos que intento explicar as sensacións e emocións –contraditorias e diversas– que me produce este país difícil.

E como epílogo un poemario titulado *Transición* onde ao longo dos máis variados poemas vemos todas estas temáticas que acabamos de repasar tanto na túa narrativa coma na túa propia lírica...

Transición é o meu libro menos unitario, o único que non foi concibido como tal desde o principio. Pero é un libro co que me sinto a gusto e que, ademais, inclúe unha chiscadela sobre a miña evolución, que xa está aí, agora nas pantallas.

E, amigo Fran, rematamos cerrando o círculo e volvendo ao mundo editorial. Como ves o mundo editorial en galego nestes momentos transitorios onde ten que compartir espazo coa literatura na propia rede?

O problema da industria editorial en Galicia non son as pantallas. Eu non son apocalíptico, como Philip Rot. As pantallas son o futuro e hai que aprender ese futuro. O gran reto da industria editorial galega é a lingua na que se expresa. E iso sábeo moi ben o poder político reaccionario, por iso ataca no punto débil. A rede, a estas alturas iniciáticas da historia, é unha oportunidade, e unha oportunidade que non debemos desaproveitar nin, por suposto, menosprezar. Eu xa estou aí. Levo máis dun ano traballando exclusivamente *online*. Foi un proceso esgotador, un

proceso moi duro e caro, pero que me anovou o entusiasmo. Precisamos entusiasmo. E eu creo que o resultado dese proceso creativo é un primeiro paso relevante de literatura electrónica para a cultura galega. Estou moi contento co resultado. As pantallas son futuro inevitable.

Que tería que ocorrer neste noso país para volvermos a ver aquela maior diversidade editorial de fins do século pasado e comezos deste?

A crise minguou as forzas e a diversidade editorial, certo. A industria cultural (imprescindible nunha cultura minorizada como a nosa) está sen forzas. Eu estou convencido de que precisamos unha reconversión forte na maior parte das empresas, que son moi débiles, buscando especialización e puntos fortes. E apertura ao futuro.

Polo demais, o alento que nos falta é que as institucións apoiem a nosa cultura —en vez de denígrala, porque ademais é a súa obriga— e lle dean visibilidade e proxección interior e exterior, e que a sociedade galega acredite nas inmensas capacidades creativas deste vello país. Cada día máis vello!

Amigo Fran, moitas grazas por permitires que nos mergullemos na túa ampla obra literaria así coma unha breve ollada ao mundo editorial en galego.

Moitas grazas a vós pola atención que lle prestades á literatura galega.